

ENTRADA N° _____

SAÍDA N° 112

DATA: 01/04/2019

DON JOSÉ MOURE CANEDA, con NIF nº 33.272.700-A, en calidade de SECRETARIO XERAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA, da que é presidente Don Javier Nogueira Diz -----

CERTIFICA:

Que con data 29-03-2019, a Federación Galega de Caza celebrou asemblea xeral ordinaria, na que se someteu á súa aprobación a Orde do Día que se adxunta, aprobándose todos os puntos, por unanimidade, conforme á seguinte documentación que se achega:

- ***Acta da asemblea xeral ordinaria do 22-6-2018, acta da asemblea xeral extraordinaria do 22-6-2018, e acta da asemblea xeral de eleccións do 14-12-2018.***
- ***Contas anuais correspondentes ao exercicio 2018.***
- ***Orzamentos para o exercicio 2019.***
- ***Cota da Licencia Federativa e DU para o 2019.***
- ***Memoria de actividades 2018.***
- ***Normativa de Competicións 2019.***
- ***Calendario de Competicións para o 2019.***
- ***Modificación do Regulamento de Agility.***
- ***Nomeamento dos membros das diferentes comisións e comités.***

E para que conste, a efectos de depósito, ante a Secretaría Xeral para o Deporte e ante o Rexistro de Entidades Deportivas, **conforme ao previsto na Lei 3/2012, do deporte de Galicia, e Decreto 85/2014**, expide a presente certificación en Santiago de Compostela, a un de abril de 2019.


Vº pº

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Javier Nogueira Diz



Asdo.: José Moure Caneda



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria de Actividades 2018

	Pág.
FUNCIÓNS, COMPETENCIAS, E ORGANIZACIÓN DA FGC	1-2
1. Funcións e competencias	1
2. Órganos de goberno da FGC	2
3. Organización Territorial	2
RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS	3-12
1. Cazadores e federados	3
1.1 Clases de licenzas de caza, e idade do cazador galego	4
a) Clases e tipos de licenzas de caza	4
b) Idade do cazador galego	4-5
1.2 Federados: tipo de licenza federativa, siniestralidade e ranking	6
a) Tipo de licenza federativa e provincia	6-7
b) Siniestralidade entre os federados	7
b1) Diagnose dos danos por tipo de cobertura	8
b2) Evolución dos accidentes entre os federados	8
c) Ranking de federados a nivel autonómico e nacional	9
c1) Ranking Deporte Galego	9
c2) Ranking Deporte Nacional	9-10
c3) Ranking Federados Mutuasport	10
1.3 Evolucións dos cazadores e federados	11
1.4 Migración dos cazadores galegos a outras CCAA	11
a) Federados galegos que cazan noutras Autonomías	11-12
RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES	13-16
1. Sociedades de caza federadas	13
2. Tecores e explotacións cinexéticas	14
2.1 Terreos cinexéticos ordenados (tecores).	14
2.2 Explotacións cinexéticas comerciais.	15
2.3 Superficie cinexética	15
2.4 Relación entre os tecores e os municipios.	16

A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA	17-22
1. Caza Maior	17-18
1.1 Evolución dos cupos e capturas	19
1.2 Siniestralidade producida polos animais cinexéticos	20
a) Accidentes de circulación	20
b) Evolución dos accidentes de circulación	20-21
1.3 Seguros de responsabilidade civil de tecor	21
2. Caza Menor	22
A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA	23- 30
1. Calendario, campionatos, resultados, e área técnica	23
1.1 Resumo calendario oficial	24
1.2 Campionatos de España	25
a) Copa España de Raposo	25
b) Copa España de Rastro de Coello	25-26
c) Campionato de España de Rastro de Xabaril	26
d) Campionato de España de San Huberto	27
1.3 Resultados	28
a) Medalleiro	28
b) Podio da Selección Galega	28-29
1.4 Área técnica	30
2. Formación de deportistas e reciclaxe de xuíces	30
FORMACIÓN DE CAZADORES E DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES	31-37
1. Prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética: cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios	31-32
1.1 Calendario, asistentes, relatores e coordinadores	32-34
2. Cursos de Formación de Responsables de Sociedades de Caza	34-35
2.1 Relatores	35
3. Xornadas sobre xestión do monte, sostibilidade, e actividade cinexética	36
3.1 Conferencias e relatores	36-37

A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA	38
1. Tipo de asesoramento	38
2. Evolución das xestións xurídica	38
AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA COMO FERRAMENTA DE SEGURIDADE	39-40
1. As emisoras de radiofrecuencia e o seu ámbito	39
2. Evolución de licenzas de uso de emisoras	40
O CLUB DE DESCONTOS	41-42
1. Tipo de establecementos adheridos	41
2. Evolución do club de descontos	42
A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS	43-46
1. Páxina web: www.federaciongalegadecaza.com	44
1.1 Leve repercusión das visitas no 2018	44
1.2 As seccións de competicións e as novas sobre normativas cans as máis visitadas	44
1.3 Os móbiles cada vez máis protagonistas	45
1.4 Seguidores nas redes sociais	45
2. Revista "Galicia Cinexética"	46
A XUVENTUDE POLA CAZA	47
CONCENTRACIÓN 15-A	48-49
AXENDA: REUNIÓNS E OUTRAS ACTIVIDADES	50-57
1. Reunións institucionais	50-52
2. Outros actos e actividades	53-57
ANEXOS	
Anexo 1: Palmarés e calendario deportivo	



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2019

FUNCÍONS, COMPETENCIAS, E ORGANIZACIÓN DA FGC

1. Funcións e competencias.

A Federación Galega de Caza (en diante FGC) é unha entidade deportiva que agrupa, entroutros colectivos, aos deportistas (cazadores) e ás sociedades ou asociacións dedicadas á práctica do deporte da caza ou de actividades que con ela se relacionen, e que ademais das competencias que lle son propias **exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.**

A FGC é o único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma Galega na esfera das súas competencias, e poderá afiliarse e/ou colaborar con outras entidades cinexéticas estatais ou internacionais.



2. Órganos de goberno da FGC.

Durante o ano 2018, por acordo da asemblea xeral do 22-6-2018, conforme ao previsto no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, leváronse a cabo eleccións á asemblea xeral, á comisión delegada, e á presidente.

O proceso electoral remataba o día 28 de decembro coa toma de posesión de Javier Nogueira Diz, que era reelegido Presidente para a lexislatura 2018-2022.

A FGC, conforme ao Art. 16 dos seus Estatutos, estrutúrase nos seguintes Órganos:



3. Organización territorial.

A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas federacións provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Os catro Delegados Provinciais, unha vez nomeados polo presidente da FGC a proposta da asemblea provincial, pasarán a formar parte da xunta directiva da FGC (Art. 12 Estatutos FGC).

Tras as eleccións levadas a cabo nas catro federacións provinciais durante os anos 2017 e 2018, estes cargos recaen en:

- | | |
|---|------------------------------|
| • Presidente Provincial da FGC Coruña | José María Álvarez Villar |
| • Presidente Provincial da FGC Lugo | Francisco López Penela |
| • Presidente Provincial da FGC Ourense | Antonio García Reinoso |
| • Presidente Provincial da FGC Pontevedra | Francisco Couselo Castiñeira |

A FGC dispón actualmente de cinco sedes federativas, ubicadas en Carballo, Santiago, Lugo, Ourense, e Pontevedra, atendidas por unha plantilla de 13 profesionais administrativos e informáticos, ademais doutros servizos externos entre os que cabe salientar a Asesoría Xurídica e a área de Prensa.

RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS

1. Cazadores e federados.

Durante o ano 2018, preto de 3.000 cazadores (2.986) deixaron de practicar a caza, segundo se desprende dos datos oficiais de licenzas de caza facilitados pola Consellería de Medio Ambiente, **pero se temos en conta que nese mesmo período incorporáronse á actividade 375 novos cazadores que superaron o exame do cazador, o número de practicantes que deixaron de ter a licenza de caza sería de 3.361.**

O descenso de licenzas de caza obsérvase en todas as provincias, e tamén nas emitidas fóra da Comunidade Autónoma.

A provincia na que máis descendieron as licenzas foi Pontevedra, con 957 cazadores menos que no 2017, e na que menos foi Ourense con 401 cazadores menos (*táboa 1*).

En canto á porcentaxe de cazadores federados, se deducimos do cómputo das licenzas de caza aquelas emitidas a cazadores foráneos a través dos bancos fóra da CCAA, por primeira vez na historia da federación **supérase a barreira do 50%, achegándose a preto do 51% o número de cazadores galegos federados actualmente.**

Ao debullar os datos por provincias, obsérvase que **Lugo segue a ser a provincia con maior proporción de cazadores federados**, con preto do 62%, seguida de Pontevedra que supera o 57%, Coruña co 55% e Ourense co 24% (*táboa 2*).

Provincia	Licenzas Caza 2018	Licenzas Caza 2017	Dif	%	aprobados Exame Cazador 2018
CORUÑA	12.462	13.330	-868	-6,51	83
LUGO	8.795	9.365	-570	-6,09	121
OURENSE	7.804	8.205	-401	-4,89	79
PONTEVEDRA	9.352	10.309	-957	-9,28	92
Bcos (fóra CCAA)	1.008	1.198	-190	-15,86	
TOTAL LICENZAS DE CAZA	39.421	42.407	-2986	-7,04	375
TOTAL CAZADORES GALEGOS (excluíndo licenzas foráneos emitidas en Bcos)	38.413	41.209	-2796	-6,78	

Táboa 1: Comparación licenzas caza 2017-2018. Novos cazadores (Fonte: CMATV)

Provincia	Licenzas Caza 2018	Federados 2018	% cazadores federados
CORUÑA	12.462	6.845	54,93
LUGO	8.795	5.426	61,69
OURENSE	7.804	1.856	23,78
PONTEVEDRA	9.352	5.337	57,07
Bcos (fóra CCAA)	1.008		
TOTAL	39.421	19.464	49,37
TOTAL CAZADORES GALEGOS (excluíndo licenzas foráneos emitidas en Bcos)	38.413	19.464	50,67

Táboa 2: Comparación licenzas e federados por provincias (ano 2018)

1.1 Clase de licenzas de caza, e idade do cazador galego.

a) Clases e tipos de licenzas de caza.

Preto do 99% dos cazadores practican a actividade cinexética con armas de fogo, fronte ao 1% que o fan con cans, cetraría ou arco.

Resulta significativa tamén a evolución das licenzas de caza válidas polo período de 1 mes, que xa representan o 3% do total das licenzas de caza emitidas durante o 2018.

Respecto á licenza interautonómica obsérvase un leve descenso respecto ao ano anterior, debido posiblemente ás dificultades de pago a través da aplicación informática da Xunta de Galicia e a non poder renovarse automaticamente no banco como ocorre co resto das licenzas de caza, o que presumiblemente fai que os cazadores galegos realicen este trámite a través doutras CCAA que facilitan esta xestión (táboa 3 e 4).

b) Idade do cazador galego.

A idade do cazador galego sitúase en máis de 18 anos e menos de 65, pero os menores de 18 e maiores de 65 xa superan amplamente a cuarta parte dos cazadores galegos, pasando do 22% do ano 2014 a preto do 28% no ano 2018, mentres que os maiores de 18 anos e menores de 65 baixan do 78% ao 72% no mesmo período (táboa 5, 6 e gráfico 1).

Os datos de cazadores incorporados á actividade cinexética durante o ano 2018, procedentes daqueles que superaron o exame do cazador, amosan que dos 375 novos practicantes 69 son menores de 18 anos e 9 maiores de 65, situándose os 297 restantes no tramo de idade comprendido entre os maiores de 18 e menores de 65 anos.

	CLASE LICENZA	PROVINCIAS					TOTAL	% Clase Lic.	% Clase Lic.
		CO	LU	OU	PO	BCOS (fóra CCAA)			
Armas de fogo	A1 Armas fogo Anual (+18 e -65 anos)	8.746	5.846	5.204	6.584	622	27.002	68,50	98,52%
	A2 Armas fogo Anual (-18 e +65 anos)	3.327	2.196	2.357	2.282	297	10.459	26,53	
	A3 Armas fogo Anual (estranxeiros non CE)	0	0	0	0	0	0	0,00	
	A4 Armas fogo por 1 mes (+18 e -65 anos)	26	223	33	148	43	473	1,20	
	A5 Armas fogo por 1 mes (-18 e +65 anos)	15	60	5	48	5	133	0,34	
	A6 Armas fogo por 1 mes (Estranxeiros non CE)	0	0	0	0	0	0	0,00	
	I-1 (Interautonómica)	203	217	157	171	24	772	1,96	
Cans, Cetraría e Arco	B1 Cans, Cetraría e Arco Anual (+18 e -65)	36	7	10	26	0	79	0,20	1,46%
	B2 Cans, Cetraría e Arco Anual (-18 e +65 anos)	7	3	4	3	0	17	0,04	
	B3 Cans, Cetraría e Arco Anual (estranxeiros non CE)	0	0	0	0	0	0	0,00	
	B4 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (+18 e -65)	64	188	20	62	9	343	0,87	
	B5 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (-18 e +65 anos)	34	55	11	26	7	133	0,34	
	B6 Cans, Cetraría e Arco por 1mes (estranxeiros non CE)	1	0	1	0	1	3	0,01	
C Rehala con fins de caza		3	0	2	2	0	7	0,02	
TOTAL		12.462	8.795	7.804	9.352	1.008	39.421		

Táboa 3: Tipo de licenzas de caza ano 2018 (Fonte: CMAVT)

Tipo	CLASE LICENZA	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014
Armas de fogo	A1 Armas fogo Anual (+18 e -65 anos)	27.002	29.705	31.707	34.712	36.263
	A2 Armas fogo Anual (-18 e +65 anos)	10.459	10.913	11.463	11.092	10.228
	A3 Armas fogo Anual (estranxeiros non CE)	0	0	0	4	1
	A4 Armas fogo por 1 mes (+18 e -65 anos)	473	294	140	0	
	A5 Armas fogo por 1 mes (-18 e +65 anos)	133	77	30	0	
	A6 Armas fogo por 1 mes (Estranxeiros non CE)	0	0	0	0	
	I-1 (Interautonómica)	772	796	694	38	
Cans, Cetraría e arco	B1 Cans, Cetraría e Arco Anual (+18 e -65)	79	77	87	91	77
	B2 Cans, Cetraría e Arco Anual (-18 e +65 anos)	17	9	9	35	16
	B3 Cans, Cetraría e Arco Anual (estranxeiros non CE)	0	0	0	2	
	B4 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (+18 e -65)	343	383	196	0	
B6 Cans, Cetraría e Arco por 1mes (estranxeiros non CE)		3	12	5	0	
C Rehala con fins de caza		7	4	5	10	6
TOTAL		39.421	42.407	44.404	45.984	46.591

Táboa 4: Evolución por tipo de licenza (período 2014-2018)

Por un lado, a escasa incorporación de mozos á actividade pon de manifesto –tal e como ven reiterando a FGC ano tras ano- a necesidade de promover políticas encamiñadas ao relevo xeracional. E por outro lado, os datos veñen a confirmar a tendencia dun colectivo cada vez máis maior coincidindo precisamente co envellemento da poboación que se desprende dos datos estatísticos do censo de habitantes da CCAA (actualmente os maiores de 65 anos superan amplamente a cuarta parte da poboación de Galicia).




Gráfico 1: Porcentaxe tramos de idade do cazador (período 2014-2018)

Tramo idade	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014
Licenzas de -18 e + 65 anos	10.433	10.803	11.271	10.808	9.937
Licenzas de +18 e -65 anos	27.223	29.620	31.325	33.668	35.109
TOTAL	37.656	40.423	42.596	44.476	45.046
% Licenzas de -18 e +65 anos	27,71	26,72	26,46	24,30	22,06
% Licenzas de +18 e -65 anos	72,29	73,28	73,54	75,70	77,94

Táboa 5: Tramos de idade do cazador Galego (período 2014-2018) ⁽¹⁾

⁽¹⁾Non se computan as licenzas emitidas en Bcos fóra da CCAA, nin estranxeiros, nin interautonómicas

	Total	(+) 65 anos	(+) 100 anos	% + 65 anos	% + 100 anos
A Coruña	1.119.351	345.224	490	30,84%	0,04%
Lugo	331.327	95.831	256	28,92%	0,08%
Ourense	309.293	96.390	312	31,16%	0,10%
Pontevedra	941.772	208.305	564	22,12%	0,06%
TOTAL	2.701.743	745.750	1.622	27,60%	0,06%

Táboa 6: Poboación de Galicia 1-1-2018 (Fonte: INE)

1.2. Federados: tipo de licenza federativa, siniestralidade e ranking

a) Tipo de licenza federativa e provincia

Durante o 2018, a FGC emitiu **19.464** licenzas federativas de ámbito autonómico, que tamén habilitou con carácter nacional.

A licenza federativa ademais de ser un seguro de accidentes que inclúe a asistencia sanitaria, conta con outras moitas prestacións e servizos, cubre ao seu titular tanto na práctica deportiva de calquera das disciplinas regulamentadas pola FGC como na propia actividade cinexética.

O **87%** dos cazadores optaron por federarse a través do **Documento Único (DU)** que ademais da tarxeta federativa leva incorporado o seguro de Responsabilidade Civil do Cazador (obrigatorio, voluntario, e defensa xurídica).

Máis da metade dos asegurados optaron polos seguros de maior cobertura (Premium e S), e **37 de cada 100 federados elixiron a modalidade Premium, que segue a ser o seguro máis emitido en todas as provincias, agás Pontevedra, desde que se implementou este produto (gráfico 2, 3 e táboa 7).**




Gráfico 2: Tipo de federados (ano 2018)




Gráfico 3: Federados con Seguro de RC DU s/produto (ano 2018)

EVOLUCIÓN	Ano	Ano	Ano	Ano	Ano
CORUÑA	2018	2017	2016	2015	2014
P	869	1.061	1.094	1.248	1.449
J	60	22			
N	1.201	1.427	1.518	188	2.565
Q	891	1.009	1.111	2.263	991
R	80	54	44	74	101
S	1.299	1.326	1.364	770	1.735
PR	2.445	1.961	1.584	2.314	
Federados	6.845	6.860	6.715	6.857	6.841

EVOLUCIÓN	Ano	Ano	Ano	Ano	Ano
LUGO	2018	2017	2016	2015	2014
P	967	1.071	1.210	1.311	1.503
J	53	16			
N	243	284	250	83	518
Q	523	544	466	503	1.383
R	17	7	6	7	9
S	1.200	1.225	959	1.156	2.047
PR	2.423	2.310	2.565	2.368	
Federados	5.426	5.457	5.456	5.428	5.460

EVOLUCIÓN	Ano	Ano	Ano	Ano	Ano
OURENSE	2018	2017	2016	2015	2014
P	273	318	327	353	409
J	8	2			
N	353	387	435	49	555
Q	194	232	227	430	332
R	56	1	5	5	46
S	389	390	446	255	677
PR	583	550	501	870	
Federados	1.856	1.880	1.941	1.962	2.019

EVOLUCIÓN	Ano	Ano	Ano	Ano	Ano
PONTEVEDRA	2018	2017	2016	2015	2014
P	350	504	546	540	522
J	33	14			
N	1.585	1.721	1.813	216	2.265
Q	1.137	1.249	1.430	2.126	1.746
R	90	117	94	94	56
S	1.254	1.144	1.059	1.413	1.140
PR	888	742	602	1.325	
Federados	5.337	5.491	5.544	5.714	5.729

Táboa 7: Evolución dos federados s/produto e provincia (período 2014-2018)

O maior número de federados rexistrouno a provincia de A Coruña co 35% dos federados autonómicos. A continuación sitúase Lugo co 28%, seguida de Pontevedra con máis do 27%, e Ourense con preto do 10%.

En canto á proporción entre cazadores e federados de cada unha das provincias -tal e como se apuntou no punto 1 anterior- Lugo segue a ser a provincia con maior proporción de cazadores federados, co 62% dos cazadores da provincia. Séguelle, por esta orde, Pontevedra co 57%, A Coruña co 55%, e Ourense co 24% (gráfico 4).

b) Siniestralidade entre os federados

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, e 9 de cada 10 federados (271 cazadores máis que no ano anterior) teñen concertado, a través da FGC, o Seguro de Responsabilidade Civil do Cazador con Mutuasport (táboa 8).

Continúa medrando o número de cans asegurados. Durante o ano 2018 tiñan asegurada a súa Responsabilidade Civil ao longo dos 365 días do ano, un total de 16.519 cans, 3.810 cans asegurados máis que na tempada anterior, a través dos Anexos con Franquicia e dos Anexos do DU Premium.

Ao longo do ano 2018 rexistráronse en Galicia 130 accidentes producidos ou sufridos por cazadores federados (10 menos que na tempada anterior). Deles 51 corresponden a sinistros de danos propios e 79 a responsabilidade civil do cazador.

Ao cotexar o número de accidentes de danos persoais co número de federados, obsérvase que o índice de siniestralidade en Danos Propios foi de 2,6 sinistros por cada 1000 federados, mentres que en Responsabilidade Civil foi de 4,6 accidentes por cada 1000 asegurados (táboa 9).





Gráfico 4: Porcentaxe de federados (ano 2018)

Provincia	Federados	Federados DU RC Cazador	Cans asegurados	% Federados RC Cazador
CORUÑA	6.845	5.976	6769	87,30
LUGO	5.426	4.459	5404	82,18
OURENSE	1.856	1.583	2201	85,29
PONTEVEDRA	5.337	4.987	2145	93,44
TOTAL	19.464	17.005	16.519	87,37

Táboa 8: Federados e asegurados con RC (ano 2018)

b.1) Diagnose dos danos por tipo de cobertura

Nos accidentes de **Danos Propios** os máis comúns foron lesións nas extremidades e os danos (ou roubos) de escopetas, pero tamén houbo que lamentar durante o 2018 o falecemento de dous cazadores por causas naturais mentres practicaban a actividade cinexética.

En **Responsabilidade Civil do cazador**, os sinistros foron maioritariamente danos materiais ou danos a animais e cousas, e os danos a cans (táboa 10).

b.2) Evolución dos accidentes entre os federados

No período 2010-2018 a media de sinistros en **Danos Propios** sitúase en 2,7 accidentes por cada 1000 federados, mentres que no mesmo período a media en **Responsabilidade Civil** foi de 4,2 accidentes por cada 1000 asegurados (táboa 11).

Número de Sinistros										
	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	
ACCIDENTES D.P	51	63	50	62	53	66	44	58	47	
ACCIDENTES R.C	79	85	52	82	60	64	69	84	65	
	130	148	102	144	113	130	113	142	112	
Tipo de Danos asegurados										
	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	
FEDERADOS (D.P)	19464	19686	19656	19961	20049	20160	21018	21479	21242	
ASEGURADOS (R.C)	17005	16734	16479	16509	16166	16473	17215	17659	17798	
Índice de siniestralidade entre federados										
	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	Media Sinistros
ACCIDENTES D.P	0,26	0,32	0,25	0,31	0,26	0,33	0,21	0,27	0,22	0,27
ACCIDENTES R.C	0,46	0,51	0,32	0,50	0,37	0,39	0,40	0,48	0,37	0,42
	0,73	0,83	0,57	0,81	0,63	0,72	0,61	0,75	0,59	0,69

Táboa 11: Índice de siniestralidade 2010-2018

Provincia	Federados	Accidentes DP	%	Asegurados RC	Accidentes RC	%
CORUÑA	6845	28	0,41	5976	26	0,44
LUGO	5426	13	0,24	4459	17	0,38
OURENSE	1856	2	0,11	1583	14	0,88
PONTEVEDRA	5337	8	0,15	4987	22	0,44
TOTAL	19464	51	0,26	17005	79	0,46

Táboa 9: Índice de siniestralidade (ano 2018)

Tipo de lesións	Coruña		Lugo		Ourense		Ponteved		Total	
	DP	RC	DP	RC	DP	RC	DP	RC	DP	RC
Falecidos accidente caza									0	0
Falecidos causas naturais			1				1		2	0
Falecidos in itinere									0	0
Gran Invalidez									0	0
Invalidez									0	0
Extremidades	19	1	9		1	1	3	2	32	4
Cara, cabeza, boca	1						1		2	0
Ollos e oídos			1						1	0
Tórax e espalda		1		1			1		1	2
Múltiples e policontusións	1							1	1	1
Outras	2		1	2			1	2	4	4
Escopetas (danos, roubos)	5		1		1		1		8	0
Danos a cans		6		2					0	8
Danos materiais, animais ou cousas		18		12		13		17	0	60
TOTAL	28	26	13	17	2	14	8	22	51	79

DP: Accidentes Danos propios - RC: Accidentes responsabilidade civil

Táboa 10: Número de sinistros s/cobertura e diagnose das lesións (ano 2018)

c) **Ranking de federados a nivel autonómico e nacional**

A modalidade de Caza segue a ser o segundo deporte a nivel autonómico tanto en número de deportistas como de clubs federados, mentres que a nivel nacional en clubs federados mantense como segundo, e en deportistas como terceiro, segundo datos estatísticos recollidos na Memoria 2017 do Consello Superior de Deportes.

c.1) **Ranking Deporte Galego.**

Segundo se desprende dos datos de federados do *Deporte Galego*, na **Comunidade Autónoma de Galicia practican o deporte federado 9 de cada 100 habitantes. Deles, 3 practican o fútbol, 1 a CAZA, 1 o baloncesto, e os outros 4 restantes están repartidos nas outras 50 modalidades deportivas distintas.**

A FGC mantense de 2ª entre as 63 federacións deportivas galegas, tanto no número de deportistas como de clubs federados por detrás de fútbol.

Do total de licenzas federativas rexistradas polas federacións deportivas galegas (250.489 no ano 2017), o 67% aglutínano as federacións autonómicas de fútbol, caza, baloncesto, golf, balonmán, atletismo, judo, ciclismo, surf e patinaxe, mentres que o 33% restante repártese ata en outras 53 modalidades deportivas diferentes.

No referente aos clubs ou entidades deportivas federadas, os datos son semellantes, dos 5.143 clubs federados do *Deporte Galego*, o 69% deles están afiliados a fútbol, caza, atletismo, ciclismo, baloncesto, patinaxe, axedrez, montaña, tenis e actividades subacuáticas. E o 31% restante están afiliados noutras 53 federacións autonómicas galegas diferentes (**táboa 12**).

Deportistas		Clubs	
FFDDGG	Federados	FFDDGG	Federados
Fútbol	70.650	Fútbol	1.873
Caza	19.688	Caza	478
Baloncesto	16.399	Atletismo	270
Golf	10.524	Ciclismo	268
Balonmán	10.333	Baloncesto	187
Atletismo	10.017	Patinaxe	129
Judo	8.817	Axedrez	89
Ciclismo	7.061	Montaña	86
Surf	7.023	Tenis	82
Patinaxe	6.544	A. Subacuática	79
Resto 53 FFDD	83.433	Resto 53 FFDD	1.602
Total Licenzas	250.489	Total Clubs	5.143

Táboa 12: Raking Deporte Galego (Fonte: Memoria CSD 2017)

c.2) **Ranking Deporte Nacional.**

No ámbito *Deporte Nacional* a **Caza ocupa o 3º posto no ranking de deportistas federados** por detrás de fútbol e baloncesto, **e o 2º no apartado de clubs**, só por detrás de fútbol, entre as 66 federacións deportivas españolas.

Sen embargo se nos atemos ás clasificacións de federacións deportivas españolas, segundo o medio no que se desenvolve ou os medios que se utilizan no deporte, **a Caza ocupa o 1º lugar en número de federados nacionais entre os deportes desenvolvidos no Medio Natural, e tamén entre os deportes desenvolvidos con Animais, e naqueles nos que se utilizan Armas.**

En canto á clasificación do deporte por Comunidades Autónomas, o **Deporte Galego ocupa o 6º posto en número de deportistas federados e o 5º en número de clubs**, entre as 19 Comunidades Autónomas do Estado (*táboa 13*).

c.3) Ranking Federados Mutuasport.

A FGC mantense de 4ª, entre as federacións autonómicas de caza que emiten a licenza federativa a través de Mutuasport, pero se debullamos os datos en función do tipo de licenza pasaría a ocupar o **3º posto na emisión de Documentos Únicos** entre as 12 federacións que teñen concertada a licenza federativa autonómica con Mutuasport (*táboa 14*).

FFAA	P	N	Q	R	S	PREM	TOTAL
Andaluza	32.703	26.857	8.985	1.244	6.127	9.117	85.033
Catalana	13.698	4	724	191	5.873	17.693	38.183
Aragonesa	12.873	4.590	1.256	73	3.615	4.048	26.455
GALEGA	2.459	3.388	2.748	243	4.237	6.402	19.477
Extremeña	2.597	12.255	601	839	409	412	17.113
C. León	4.400	4.609	3.047	49	1.521	2.861	16.487
C. Mancha	5.469	3.884	1.058	256	2.172	1.420	14.259
Riojana	3.533	1.141	382	5	449	484	5.994
Cántabra	4.455	688	163	3	153	510	5.972
Balear	1.515	1.484	512	48	143	965	4.667
Madrileña	2.681	415	575	94	172	551	4.488
Navarra	1.136	1.088	193	17	704	695	3.833
Mutuasport	228	438	402	394	444	83	1.989
	87.747	60.841	20.646	3.456	26.019	45.241	243.950

Táboa 14: Ranking federados Mutuasport ano 2018 (Fonte: Mutuasport)

Clasificación Nº Deportistas Federados Federacións Deportivas Españolas		Clasificación Nº Clubs Federados Federacións Deportivas Españolas		Clasificación Nº Federados Deportes do MEDIO NATURAL	
Fútbol	1.027.907	Fútbol	21.148	CAZA	328.677
Baloncesto	354.328	CAZA	5.965	MONTAÑA	237.825
CAZA	328.677	Ciclismo	3.745	CICLISMO	74.664
Golf	270.463	Baloncesto	3.473	PESCA	52.526
Montaña	237.825	Montaña	2.748	TRIATLÓN	30.744
Judo	105.388	Atletismo	1.623	A. SUBACUÁTICAS	26.572
Balonmano	98.709	Kárate	1.431	COLOMBICULTURA	25.430
Atletismo	81.673	Pesca	1.329	ORIENTACIÓN	18.515
Voleibol	78.333	Patinaxe	1.196	GALGOS	11.600
Tenis	77.864	Tenis	1.179	ESPELEOLOXÍA	10.967
Resto 56 FFDDEE	1.100.331	Resto 56 FFDDEE	23.193	AERONÁUTICA	8.246
	3.761.498		67.030	DEPORTES DE INVERNO	3.742
Clasificación Nº Deportistas Federados por Comunidades Autónomas		Clasificación Nº Clubs Federados por Comunidades Autónomas		DEPORTES DE XEO	
Cataluña	627.332	Andalucía	11.658		834.635
Andalucía	526.518	Cataluña	7.856	Clasificación Nº Federados Deportes con ANIMAIS	
Madrid	462.013	Valencia	6.405	CAZA	328.677
Valencia	395.973	Aragón	5.574	HÍPICA	51.362
País Vasco	267.365	GALICIA	5.143	COLOMBICULTURA	25.430
GALICIA	250.489	Madrid	4.315	GALGOS	11.600
C. León	181.196	C. León	4.052	COLOMBOFILIA	2.976
Canarias	163.101	C. Mancha	3.776	TIRO AO VÓO	1.807
Aragón	147.852	País Vasco	3.242	POLO	784
C. Mancha	130.708	Extremadura	2.751	PENTATLÓN MODERNO	510
Murcia	120.382	Murcia	2.730		423.146
Asturias	98.634	Canarias	2.470	Clasificación Nº Federados Deportes con ARMAS	
Baleares	98.357	Asturias	1.896	CAZA	328.677
Extremadura	89.731	Baleares	1.534	TIRO OLÍMPICO	49.722
Navarra	76.732	Navarra	1.338	TIRO CON ARO	18.529
Cantabria	73.290	Cantabria	1.240	ESGRIMA	6.162
A Rioxa	33.518	A Rioxa	764	TIRO AO VÓO	1.807
Meilla	8.400	Meilla	133	PENTATLÓN MODERNO	510
Ceuta	6475	Ceuta	131		405.407
Sen territorializar	3.432	Sen territorializar	22		
	3.761.498		67.030		

Táboa 13: Ranking Deporte Nacional (Fonte: Memoria CSD 2017)

1.3. Evolución dos cazadores e federados.

Desde a constitución da FGC, no ano 1987 ata a actualidade, as licenzas de caza de Galicia descendéron máis do 58%, pasando das 94.067 daquel ano ás 39.421 actuais. Sen embargo no mesmo período o número de federados duplicouse, pasando dos 8.756 aos 19.464.

Segundo a tendencia que se ven mantendo desde o ano 2014, durante este ano 2018 volveu a producirse a porcentaxe máis alta de cazadores federados, actualmente máis da metade dos cazadores galegos están federados (*gráfico 5*).




Gráfico 5: Evolución das licenzas de caza e federados (período 1987-2018)

1.4. Migración dos cazadores galegos a outras CCAA.

Segundo o *Estudo sobre a Repercusión Económica e Social da Caza en Galicia*, elaborado pola FGC en colaboración coa USC durante o ano 2013, estímase que **arredor dun 27% dos cazadores galegos adoitan saír a caza fóra de Galicia**. Se extrapolamos a porcentaxe anterior ao número de cazadores actuais máis de 10.600 cazadores galegos practicarían a actividade cinexética fóra da CCAA.

Pola contra, se temos en conta as licenzas de caza de Galicia que se expiden a través das entidade bancarias fóra da CCAA (1008 licenzas durante o 2018), o saldo migratorio sería negativo, de **cada 100 cazadores galegos que saen fóra virían a Galicia preto de 10 doutras CCAA**, sen embargo debemos ser prudentes na interpretación destas cifras porque a implantación da Licenza Interautonómica que habilita para cazar nas Comunidades Autónomas de Galicia, Aragón, Asturias, Castela e León, Extremadura, Madrid, Valencia, e Murcia, podería modificar substancialmente as previsións anteriores.

a) Federados galegos que cazan noutras Autonomías.

Segundo as licenzas de caza tramitadas desde a FGC para outras CCAA, **preto do 5% dos federados traspasaron as fronteiras galegas para cazar noutras Autonomías**, aos que habería que engadirlle outro número importante de federados que solicitan as licenzas directamente noutras Comunidades Autónomas, a través de internet, ou a través doutros mediadores.

Como ven sendo habitual, os galegos desprázanse maioritariamente ás dúas Castelas, Andalucía, Extremadura, Madrid, Asturias e Cataluña. E preto de **4 de cada 10 federados que tramitaron a licenza de caza a través da federación solicitaron a interautonómica.**

Os pontevedreses seguen a ser os cazadores que máis saen a practicar a actividade cinexética fóra da CCAA de Galicia, preto de 6 de cada 10 licenzas xestionadas desde a FGC corresponden a federados desa provincia (**gráfico 6, táboa 15**).

CCAA	Coruña	Lugo	Ourense	Ponteved	TOTAL
Castela Mancha	93	45	24	204	366
Interautonómicas	109	36	3	182	330
Castela León	29	7	34	110	180
Andalucía	2			4	6
Extremadura	1			3	4
Madrid	1	1		1	3
Cataluña	1				1
Asturias		1			1
TOTAL	236	90	61	504	891
% Licencias xestionadas:	26,49	10,10	6,85	56,57	

Táboa 15: Licenzas por CCAA e porcentaxe por provincia (ano 2018)



Gráfico 6: Licenzas de Caza outras CCAA
xestionadas desde a FGC (ano 2018)

RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES

Durante o ano 2018 afiliáronse á FGC 11 novas entidades, e nese mesmo período causaron baixa 15 (1 por vontade propia, e 14 por Resolución da Secretaría Xeral para o Deporte ao non ter adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012 do deporte de Galicia).

O ano pechouse con **474 entidades deportivas afiliadas**, das que **396 xestionan o 84% dos tecores existentes na CCAA**, e as restantes 78 son entidades deportivas de paxariles, cetraría, arco, tiro, agility, field target, cans, peñas de caza, etc. (táboa 16).

1. Sociedades de caza federadas.

Ao examinar os datos de sociedades inscritas na FGC por provincias, obsérvase que **Lugo, co 31% (148 sociedades) é a provincia con maior número de entidades afiliadas**, e tamén a que conta con máis sociedades titulares de tecor. A continuación sitúase A Coruña co 29% de sociedades federadas (136), seguida de Pontevedra co 24% (113), e Ourense co 16% (77) de asociacións federadas (gráfico 7 e 8).




Gráfico 7: Porcentaxe entidades federadas por provincia (ano 2018)

	Entidades Federadas			Tecores		
	Sdades sen tecor	Sdades titulares de tecor	Total Entidades Federadas	Tecores xestionados Sdades Federadas	Tecores xestionados por outras asociacións NF	Total Tecores
CORUÑA	23	113	136	111	12	123
LUGO	9	139	148	135	14	149
OURENSE	14	63	77	62	47	109
PONTEVEDRA	32	81	113	72	2	74
	78	396	474	380	75	455

Táboa 16: Entidades e tecores por provincias (ano 2018)




Gráfico 8: Tipo de entidades federadas por provincia (ano 2018)

2. Tecores e explotacións cinexéticas.

No 2018 había na CCAA un total de **455 tecores** xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a **30 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, confirmando que en Galicia o tipo de caza que se practica é a caza social (**gráfico 9**).

2.1. Terreos cinexéticos ordenados (tecores).

O 84% dos tecores da CCAA xestíonanos as 396 entidades deportivas federadas (de xeito directo ou compartido con outra sociedade), mentres que o 16% restantes adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas.

O 97% dos tecores de Pontevedra (72 de 74) son titularidade de sociedades federadas; mentres que en Lugo sono o 91%, en Coruña o 90%, e en Ourense o 57% (**gráfico 10 e 11**).




Gráfico 9: Tipo de terreos cinexéticos ano 2018 (Fonte: CMAVT)



Gráfico 10: Tecores xestionados por entidades federadas e por outras asociacións (ano 2018)




Gráfico 11: Tecores e tipos de asociacións que os xestionan, por provincia (ano 2018)

2.2. Explotacións cinexéticas comerciais.

Por cada 100 tecores existentes na CCAA hai 6,5 explotacións cinexéticas comerciais, o que reflicte a escasa relevancia deste tipo de terreos cinexéticos en Galicia (táboa 17).

2.3. Superficie cinexética.


Do total da superficie do territorio galego, o 90% está acoutado para a práctica da caza, a través de tecores ou explotacións cinexéticas comerciais. Dela o 99,63% corresponde aos 455 tecores mentres que as 30 explotacións cinexéticas abranguen o 0,37% (imaxe 1 e 2).

Ao comparar a superficie cinexética dos terreos cinexeticamente ordenados por provincia, obsérvase que Lugo é a provincia con maior superficie, con máis do 35% do territorio cinexético de Galicia, e no lado oposto estaría Pontevedra con pouco máis do 13%.

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais, a provincia de Ourense é de maior superficie, e a de menos Lugo (táboa 18 e 19).

	Nº Explotacións
CORUÑA	5
LUGO	8
OURENSE	9
PONTEVEDRA	8
	30

Táboa 17: Explotacións cinexéticas,
por provincia (ano 2018)




Imaxe 1: Superficie cinexética s/superficie CCAA (ano 2018)

	Nº Tecores	Superficie cinexéticas (has)	% Superficie acoutada provincia
CORUÑA	123	703.634	26,61
LUGO	149	929.740	35,16
OURENSE	109	659.976	24,96
PONTEVEDRA	74	351.147	13,28
	455	2.644.497	

Táboa 18: Superficie cinexética dos tecores,
por provincia (ano 2018)

	Nº Explotacións	Superficie cinexéticas (has)	% Superficie acoutada provincia
CORUÑA	5	2.091	21,57
LUGO	8	2.004	20,68
OURENSE	9	3.167	32,68
PONTEVEDRA	8	2.430	25,07
	30	9.692	


Táboa 19: Superficie cinexética Explotacións,
por provincia (ano 2018)



Imaxe 2: Porcentaxe superficie tecores e explotacións (ano 2018)

2.4. Relación entre tecores e municipios.

Ao cotexar o número de tecores co número de municipios existentes na CCAA, obsérvase a importancia da actividade cinexética tanto a nivel social como económico no ámbito municipal, con **preto de 2 tecores por municipio**, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares sería o mesmo que dicir que todos os concellos teñen máis de 1 *polideportivo* nos que practicar o deporte cinexético; mentres que explotacións cinexéticas apenas hai 9 por cada 100 municipios (*imaxe 3*).



Imaxe 3: Relación entre tecores, sociedades, e municipios (ano 2018)

A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA

Os cambios producidos no medio rural provocaron o crecemento desmedido do xabaril, raposo, e corzo, en detrimento doutras especies como a perdiz ou o coello que foron perdendo o seu hábitat e alimento, ao que se sumaron nos últimos tempos tamén as enfermidades, nas que o colectivo de cazadores leva anos traballando para tratar de mitigar os seus efectos.

Faise polo tanto necesaria a recuperación dos ecosistemas de determinadas especies, pero tamén a caza selectiva e controlada doutras para tentar acadar unha poboación sostible, adaptada á capacidade de cada territorio, que pola densidade actual das súas poboacións seguen a ocasionar importantes danos na agricultura, na gandería, na silvicultura, pero tamén na circulación viaria.

Neste apartado **analizaremos a caza maior, debullando os datos de cupos e capturas facilitados pola Consellería MAVT,** así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubrir a responsabilidade civil derivada dos accidentes de circulación orixinados pola fauna cinexética.

Non podemos analizar estatisticamente a situación da caza menor, por falta de datos oficiais tanto das poboacións como das capturas das distintas especies cinexéticas, pero **avaliaremos neste apartado o aproveitamento do paspallás** nos tecores da antiga lago de Antela.

1. Caza maior.

Durante a tempada 2017-2018, última da que se dispón de datos actualizados, autorizouse un **cupo total de 27.432 exemplares de caza maior do que se capturou o 76%, quedando un excedente de 6.592 animais.**

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse o 92% do cupo autorizado, no corzo o 51%, no cervo o 32%, e no muflón e cabra montés, cun cupo autorizado para a provincia de Ourense de 57 e 13 animais, respectivamente, non se cobraron ningún.**

A provincia que dispoñía de maior cupo de capturas era Lugo con 11.192 animais (máis do 40% do cupo total autorizado para toda a CCAA) dos que cobrou o 68%, quedándolle un excedente de 3.628 animais. A continuación sitúase Ourense cun cupo de 9.424 animais dos que cobrou o 84% deixando un remanente de 1.486 animais. Pola súa parte a provincia de A Coruña dispoñía dun cupo de 4.698 animais dos que cobrou máis do 79% deixando un sobranse de 967 especies; e Pontevedra con 2.118 animais autorizados cobrou o 76% quedándolle un excedente de 511 animais (**táboa 20, gráfico 12 e 13**).

	Xabaril		Corzo		Cervo		Mufón		Cabra Montés		Total		% Capturas s/cupo Provincia
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Coruña	2.732	2.534	1.841	1.114	125	83	0	0	0	0	4.698	3.731	79,42
Lugo	6.900	6.310	4.240	1.250	52	4	0	0	0	0	11.192	7.564	67,58
Ourense	5.670	5.534	3.312	2.318	372	86	57	0	13	0	9.424	7.938	84,23
Pontevedra	1.865	1.417	253	190	0	0	0	0	0	0	2.118	1.607	75,87
Total	17.167	15.795	9.646	4.872	549	173	57	0	13	0	27.432	20.840	75,97
% capturas s/cupo	92,01		50,51		31,51		0,00		0,00		75,97		

Táboa 20: Cupos e Capturas según a CMTV (tempada 2017-2018)




Gráfico 12: Cupos, capturas e remanente por provincia (tempada 2017-2018)




Gráfico 13: Cupos, capturas e remanente por animal (tempada 2017-2018)

1.1. Evolución dos cupos e capturas.

Ao analizar os datos de cupos e capturas das últimas sete tempadas, obsérvase que das principais especies de caza maior lévanse cobrado desde a tempada 2011/2012 ata a 2017/2018 preto de 104.800 xabaris, algo máis de 44.700 corzos, e máis de 1.250 cervos, e a pesar dilo non se aprecian descensoes notables na súas poboacións, especialmente no xabaril, tal e como se reflicte no apartado 1.2 relativo aos sinistros da circulación producidos por estas especies (**gráfico 14, táboa 21**).




Gráfico 14: Evolución dos cupos e capturas (período 2011-2018)

Evolución do xabaril																
	Tempada 17/18		Tempada 16/17		Tempada 15/16		Tempada 14/15		Tempada 13/14		Tempada 12/13		Tempada 11/12		Total cupos (tempadas 2011/2018)	Total capturas (tempadas 2011/2018)
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	2.732	2.534	2.700	2.227	2.629	1.997	2.534	2.148	2.444	2.267	2.297	2.363	2.323	2.008	17.659	15.544
Lugo	6.900	6.310	6.505	6.147	6.077	6.350	6.767	5.246	6.512	5.673	6.064	5.732	5.997	5.596	44.822	41.054
Ourense	5.670	5.534	6.412	5.431	6.928	5.186	6.864	5.165	6.979	5.609	8.206	5.363	6.798	5.642	47.857	37.930
Pontevedra	1.865	1.417	1.843	1.378	1.923	1.317	1.962	1.282	2.004	1.494	2.024	1.757	1.924	1.618	13.545	10.263
TOTAL	17.167	15.795	17.460	15.183	17.557	14.850	18.127	13.841	17.939	15.043	18.591	15.215	17.042	14.864	123.883	104.791
Evolución do corzo																
	Tempada 17/18		Tempada 16/17		Tempada 15/16		Tempada 14/15		Tempada 13/14		Tempada 12/13		Tempada 11/12		Total cupos (tempadas 2011/2018)	Total capturas (tempadas 2011/2018)
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	1841	1.114	2.036	1.257	2.077	1.355	2.086	1.533	2.104	1.701	1.974	1.819	2.130	1.884	14.248	10.663
Lugo	4240	1.250	4.110	1.215	5.356	3.877	4.954	2.015	5.187	2.329	4.740	3.167	4.957	3.273	33.544	17.126
Ourense	3312	2.318	3.735	2.215	3.832	2.380	3.720	2.131	3.620	2.261	4.693	2.404	3.460	2.241	26.372	15.950
Pontevedra	253	190	235	163	207	108	231	127	193	121	169	120	170	150	1.458	979
TOTAL	9646	4.872	10.116	4.850	11.472	7.720	10.991	5.806	11.104	6.412	11.576	7.510	10.717	7.548	75.622	44.718
Evolución do cervo																
	Tempada 17/18		Tempada 16/17		Tempada 15/16		Tempada 14/15		Tempada 13/14		Tempada 12/13		Tempada 11/12		Total cupos (tempadas 2011/2018)	Total capturas (tempadas 2011/2018)
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	125	83	114	79	99	81	94	62	84	69	63	47	62	53	641	474
Lugo	52	4	50	11	31	15	34	13	46	20	37	10	29	9	279	82
Ourense	372	86	315	87	373	126	359	100	443	120	569	92	233	84	2.664	695
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
	549	173	479	177	503	222	487	175	573	209	669	149	324	146	3.584	1.251

Táboa 21: Cupos e capturas dos principais animais de c. maior e provincia (período 2011-2018)

1.2. Sinistralidade producida polos animais cinexéticos.

A pesar do extraordinario esforzo que realizan as sociedades de caza para controlar a alta densidade das especies de caza maior como se viu no apartado anterior, o seu censo estase a manter en cifras semellantes durante os últimos anos, e consecuentemente o número de sinistros producidos por estes animais segue incrementándose ano tras ano, como veremos a continuación.

a) Accidentes de circulación.

Segundo os datos da DGT correspondentes ao ano 2018, en Galicia **producíronse 3.630 accidentes de circulación provocados por animais**, 370 sinistros menos que no ano anterior.

Máis do 78% dos accidentes de circulación viaria producíronse por atropelos de xabaril e corzo, con 1.972 e 865 sinistros, respectivamente. Pero tamén hai que sinalar o raposo que orixinou 93 accidentes.

É significativo tamén o número de sinistros producidos por animais non cinexéticos (caninos, caprinos, equinos, felinos, ovinos e vacún) que este ano ocasionaron 530 accidentes de tráfico.

As provincias de Lugo e Ourense, mantendo a tendencia que se ven observando nos últimos anos, seguen a ser as que concentran a taxa máis alta de siniestrabilidade, seguidas de preto pola provincia de A Coruña (táboa 22).

	Xabaril	Corzo	Cervo	Lobo	Raposo	Coello	Lebre	Aves	Teixugo	Outros animais	Animais non identificados	TOTAL	% provincia
CORUÑA	505	158	0	3	23	0	1	3	19	135	31	878	24,19
LUGO	700	375	0	2	31	0	1	4	12	142	17	1284	35,37
OURENSE	535	265	0	1	18	0	4	0	10	83	19	935	25,76
PONTEVEDRA	232	67	0	3	21	0	1	4	10	170	25	533	14,68
TOTAL	1972	865	0	9	93	0	7	11	51	530	92	3630	
% especie	54,33	23,83	0,00	0,25	2,56	0,00	0,19	0,30	1,40	14,60	2,53		

Táboa 22: Sinistros de circulación producidos por animais durante o ano 2018 (Fonte: DGT)

b) Evolución dos accidentes de circulación.

Dos 2.025 sinistros de circulación causados por animais durante o ano 2010, **pasouse a 3.630 no ano 2018, preto dun 45% de accidentes máis que naquel ano.**

A media de sinistros durante o período 2010-2017 foi de 2.700 accidente/ano, e deles preto de 1.600 accidentes anuais foron provocados polo xabaril, seguido do corzo con máis de 760.

A media máis alta rexistrada durante o período analizado corresponde á provincia de Lugo, con preto de 1.050 accidentes/ano. Síguelle Ourense con máis de 700, e A Coruña con máis de 600. E na parte oposta, con menos percances deste tipo estaría Pontevedra, cunha media de 330 accidentes/ano (táboa 23).

1.3 Seguros de responsabilidade civil de tecor.

Na actualidade máis da metade dos tecores administrados por entidades de cazadores federadas teñen concertado o seguro de RC de Cotos con Mutuasport ou outras aseguradoras coa mediación da FGC (gráfico 15, táboa 24).




Gráfico 15: Tecores asegurados (ano 2018)

	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	Media accites/ano
CORUÑA	878	911	688	638	444	539	543	327	487	606,11
LUGO	1284	1434	1248	1143	953	993	1030	549	771	1045,00
OURENSE	935	1064	1027	824	619	657	554	270	496	716,22
PONTEVEDRA	533	591	352	264	219	305	278	178	271	332,33
TOTAL	3630	4000	3315	2869	2235	2494	2405	1324	2025	2699,67

	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012	Ano 2011	Ano 2010	Media accites/ano
Xabari	1972	2253	2147	1797	1379	1464	1422	719	1237	1598,89
Corzo	865	901	910	860	717	788	751	482	592	762,89
Cervo	0	8	10	2	5	9	9	6	7	6,22
Lobo	9	4	6	7	9	0	0	0	0	3,89
Raposo	93	100	88	77	65	65	39	21	43	65,67
Coello	0	4	3	1	2	0	0	0	0	1,11
Lebre	7	3	1	3	3	0	0	0	0	1,89
Aves	11	4	4	4	3	0	0	0	0	2,89
Teixugo	51	53	52	43	45					27,11
Outros animais (**)	530	667	14	10	7	168	184	96	146	202,44
Non identificados	92	3	80	65	0	0	0	0	0	26,67
TOTAL	3630	4000	3315	2869	2235	2494	2405	1324	2025	2699,67

(**) Outros animais: canino, caprino, equino, felino, ovino, vacún, etc

Táboa 23: Evolución dos accidentes producidos polos animais, por provincias e animal (período 2010-2018)

	Nº Tecores Admdos Entidades Federadas	Seguros RC Tecor			% tecores asegurados a través da FGC
		Mutuasport	Outros	TOTAL PÓLIZAS RC TECOR	
CORUÑA	111	35	30	65	58,56
LUGO	135	20	67	87	64,44
OURENSE	62	5	9	14	22,58
PONTEVEDR	72	5	30	35	48,61
TOTAL	380	65	136	201	52,89

Táboa 24 Tecores asegurados (ano 2018)

2. Caza Menor.

Ante a falta de estatísticas de capturas da caza menor, avaliarase neste apartado o aproveitamento do *paspallás nos tecores da antiga Lagoa de Antela*, na provincia de Ourense.

Durante a tempada 2017-2018, a cota de capturas autorizadas para esta especie era de **16.650 exemplares** dos que se capturaron **9.242 paspallás** (*táboa 25, gráfico 16*).

	Tempada 17/18	Tempada 16/17	Tempada 15/16
Cupo	16.650	15.000	16.800
Capturas	9.242	6.124	8.010
% Capturas s/cupo	55,51	40,83	47,68

Táboa 25: Evolución do cupo e captura do paspallás (período 2015-2018)




Gráfico 16: Cupos e capturas paspallás (tempada 2017-2018)

A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA

Nas páxinas anteriores púxose de manifesto a importancia da actividade cinexética, pero a actividade deportiva desenvolvida pola FGC non o é menos como veremos nas seguintes páxinas, tanto pola cantidade de probas realizadas como pola participación nas mesmas, e tamén –porque non dicilo– polos éxitos colleitados polos deportistas galegos, e pola calidade organizativa das competicións oficiais das 14 especialidades deportivas diferentes que ten regulamentadas a FGC.

As competicións deportivas, ademais da competición propiamente dita, contribúen ao mesmo tempo ao adestramento do cazador de cara á tempada cinexética, axudando á prevención de accidentes e fomentando a actividade deportiva no rural galego fóra do período hábil de caza.

A FGC é a **única entidade autorizada para organizar as competicións oficiais da modalidade de Caza de ámbito autonómico**, competencia exclusiva delegada pola Xunta de Galicia á FGC.

Anualmente, a Federación Galega de Caza organiza os campionatos autonómicos e provinciais das especialidades deportivas de Arceas, Arco, Cans de Parada, Caza Menor, Cetraría, Compak Sporting, Paxariles, Percorridos de Caza, Raposo, Rastro de Coello, Rastro de Xabril, San Huberto, e Field Target, así como a Liga Autonómica de Agility, ademais diversas competicións puntuables para a Copa Galicia, e outras probas da Copa Federación.

1. Calendario, campionatos, resultados, e área técnica

Durante a tempada deportiva 2018 a FGC organizou e dirixiu técnica e administrativamente 103 campionatos oficiais:

- 40 Campionatos Provinciais
- 15 Campionatos Galegos
- 14 Probas da Liga Autonómica Agility
- 27 Probas puntuables para a Copa Galicia
- 3 Outras oficiais abertas (Cans de Parada sobre Arceas, Cara de Can, e R. Xabril Salvaxe)
- 4 Campionatos de España (Copa España Raposo, Copa España Rastro Coello, Cpto España Rastro Xabril, Cpto España San Huberto)

1.1 Resumo do calendario oficial.

O maior número de competicións celebradas correspondeu ás disciplinas deportivas de *Rastro de Xabaril e Agility*, con 15 e 14 probas oficiais, respectivamente.

A participación foi de **5.190**, é dicir un **27%** dos federados participaron nalgunha das competicións oficiais do calendario 2018.

A media de participación máis alta, respecto ao número de competicións de cadaunha das especialidades, correspondeu a *Raposo e Paxariles*, cunha media de 225 e 112 participantes por competición, respectivamente. A taxa máis baixa de participación foi para *Field Target*, disciplina de recente implantación, con 9 participantes no Campionato Galego.

Para a organización dos diferentes campionatos oficiais a FGC mobilizou **628** xuíces e árbitros, unha media superior a 6 xuíces por competición, que xulgaban un promedio de 8 deportistas por proba.

Ademais das 103 competicións oficiais disputadas, a FGC autorizou a celebración doutras 67 competicións e adestramentos de carácter social e outras probas abertas de libre participación, que organizaron as diferentes entidades deportivas de caza federadas. Polo que se sumamos ás competicións do calendario oficial estoutro tipo de probas abertas, obsérvase que en Galicia disputáronse durante a tempada 2018 máis de 3 competicións cada fin de semana (*táboa 26 e 27*).

Especialidade	Nº competicións	Nº participantes	Nº xuíces ou árbitros	Media participantes competición	Media xuíces competicións	Media participantes por xuíz
Agility	14	568	14	40,57	1,00	40,57
Arceas (*)	5	111	111	22,20	22,20	1,00
Arco	3	50	4	12,50	1,00	12,50
Cans de Parada	10	189	24	18,90	2,40	7,88
Caza Menor (*)	5	99	99	19,80	19,80	1,00
Cetraría	5	113	10	22,60	2,00	11,30
Compak Sporting	5	185	17	37,00	3,40	10,88
Paxariles	3	336	9	112,00	3,00	37,33
Percorridos Caza	10	532	33	53,20	3,30	16,12
Raposo (*)	7	1575	175	225,00	25,00	9,00
Rastro Coello	8	590	40	73,75	5,00	14,75
Rastro Xabaril	15	483	34	32,20	2,27	14,21
San Huberto	12	350	56	29,17	4,67	6,25
Field Target	1	9	2	9,00	2,00	4,50
TOTAL	103	5190	628	49,90	6,04	8,26

(*) Nas competicións de caza os participantes inscíbense co xuíz, que acompaña a outro participante que se determina por sorteo

Táboa 26: Resumo de participación nas probas oficiais (tempada 2018)

	Outras probas autorizadas
CORUÑA	31
LUGO	11
OURENSE	10
PONTEVEDRA	15
TOTAL	67

Táboa 27: Outras competicións non oficiais autorizadas (tempada 2018)

1.2. Campionatos de España.

Durante a tempada 2018 a Federación Galega de Caza, organizou por delegación da Real Española de Caza, 2 Copa España e 2 Campionatos de España, que achegaron a Galicia a máis de 400 deportistas do resto das Comunidades Autónomas, e nas que os deportistas das respectivas *Seleccións Galegas* subiron ao podio en varias ocasións, tal e como se reflicte a continuación.

a) Copa España de Raposo.

Non exenta de polémica por parte de grupos anticaza, como ven sendo habitual nos últimos anos, mesmo incluso chegando a sufrir un hackeo a páxina web da federación (reivindicado por *Anonymous*), as localidades pontevedresas de Forcarei, Cerdedo e Cotobade, acollían o día 3 de febreiro a celebración da Copa España de Caza de Raposo, organizada pola FGC en colaboración coas Sociedades de Caza **Forcarei, Rio Umia, Cerdedo, Cotobade e O Coirego**.

Participaban nesta proba de ámbito nacional, **20 equipos** formados cadaún deles por 9 deportistas e 1 xuíz (180 participantes e 20 xuíces).



CLASIFICACIÓN

- 1º Cuadrilla A Lanzada, da Sdade A Lanzada (FEDERACIÓN GALEGA)
- 2º Cuadrilla Pontebora, da Sdade Cotobade (FEDERACIÓN GALEGA)
- 3º Cuadrilla Dúas Igrexias, da Sdade Forcarei (FEDERACIÓN GALEGA)

b) Copa España de Rastro de Coello.

Tiña lugar o día 22 de abril, na localidade coruñesa de Melide, organizada pola Federación Galega de Caza en colaboración coa **Sociedade de Caza Melide**, coa participación de **108 cans**, das **Comunidades Autónomas de Castela León, Galicia, Madrid e A Ríoxa**.



CLASIFICACIÓN:



- 1º Iván Aragunde Coira, da FEDERACIÓN GALEGA, con *"Rosa, Lori, Sara, e Cris"* (Sdade S.Huberto)
- 2º Antonio Cámara Jiménez, da Federación Madrileña, con *"Silona, Nena, Chupa, e Leo"*
- 3º Diego Varela Fernández, da FEDERACIÓN GALEGA, con *"Argo, Buga, Islandia, e Ibiza"* (Sdade Coto Barro)
- 4º Ramón Torreiro Otero, da FEDERACIÓN GALEGA, con *"Chica, Gora, Nika, e Samba"* (Sdade Rio Iso)
- 5º Alfonso Rey Baulde, da FEDERACIÓN GALEGA, con *"Trasno, Trus, Clay, e Xouva"* (Sdade Rias Baixas)
- 6º Manuel Pombo Bouzón, da FEDERACIÓN GALEGA, con *"Samba, Perla, Randa, e Marta"* (Sdade Cibrán Xinés)

c) Campionato de España de Rastro de Xabaril.

Os días 13 e 14 de xullo, baixo a organización da FGC en colaboración coa **Sociedade de Caza Societario Terra Chá**, disputábase nas localidades lucenses de Castro de Rei, A Pastoriza e Cospeito, o Campionato de España de Rastro de Xabaril no que **participaban 35 monteiros das Comunidades Autónomas de Asturias, Cantabria, Castela León, Galicia, Navarra, e País Vasco.**



CLASIFICACIÓN:



- 1º Emilio J. Fernández, da Federación Asturiana, co can *"Toñín"*
- 2º Gustavo Angulo Oyarzabal, da Federación Vasca, con *"Paco"*
- 3º Mikel Iturralde Barrenetxea, da Federación Vasca, con *"Bolo"*
- 4º Asier Ortega Fernández-Villa, da Federación C. León, con *"Pumuky"*
- 5º Eduardo Sanmiguel Jiménez, da Federación Navarra, con *"Pinta"*
- 6º José M. Barreiro Rivadas, da FEDERACIÓN GALEGA, con *"Brisa"* (Sdade Riberas Tambre)

d) Campionato de España de San Huberto.

Entre os días 14 ao 16 de setembro, disputábase na localidade coruñesa de As Pontes, o Campionato de España e a Copa España de Caza San Huberto, baixo a organización da FGC en colaboración coa **Sociedade de Caza Venatoria Puentes**, no que participaban **96 deportistas de todas as Comunidades Autónomas**.



CLASIFICACIÓN FINAL HOMES - CAMPIONATO DE ESPAÑA

- 1º Miguel A. Huertas Marín, da Federación Madrileña
- 2º José M. Mora Matas, da Federación Extremeña
- 3º Juan A. Moreno Díaz, da Federación Andaluza



CLASIFICACIÓN FINAL DONAS – CAMPIONATO DE ESPAÑA

- 1ª Noelia Cartes León, da Federación Catalana
- 2ª Lidia Pérez García, da Federación de C.León
- 3ª Modesta Iraola Galarbide, da Federación Vasca
- 4ª **Sandra Rodríguez Rego, da FEDERACIÓN GALEGA (Sdade Barbanza)**



CLASIFICACIÓN FINAL LEVANTADORES – CAMPIONATO ESPAÑA

- 1º Josu Bernarás Oyartzabal, da Federación Vasca
- 2º Carlos Tiburcio Grajera, da Federación Extremeña
- 3º Juan M. Maldonado, da Federación Andaluza
- 4º José V. Mossi Zaragoza, da Federación Valenciana
- 5º **Victor M. Villar Fernández, da FEDERACIÓN GALEGA (Sdade FGCP)**



CLASIFICACIÓN FINAL HOMES – COPA ESPAÑA

- 1º **Jaime Aneiros Ardao, da FEDERACIÓN GALEGA (Sdade Urogallo)**



1.3. Resultados

a) Medalleiro.

No Anexo I da presente memoria consta a relación de todos os campións das diferentes probas oficiais así como o Calendario de competicións da tempada 2018, entroutra información.

b) Podio da Selección Galega.

Durante a tempada deportiva 2018, os deportistas da Selección Galega das diferentes especialidades, previamente clasificados nos respectivos Campionatos Galegos, acadaron **19 podios para o Deporte Cinexético Galego** nas Copa España de Raposo, Rastro de Coello, San Huberto e nos Compak Sporting, e nos Campionatos de España de Agility, Compak, Percorridos de Caza con pratos, Percorridos de Caza con arco, Cetraría e Caza con arco ao voo (*táboa 28*).

Denominación da competición	Podio			Total Podio SG
	1º	2º	3º	
Campionato España Agility (Sevilla)	1		2	3
Campionato España Compak Sp (Rioxá)	1		1	2
Campionato España Percorridos (Valladolid)	1	1		2
Campionato España Percorridos Arco (Madrid)	1	1		2
Campionato España Cetraría (Osuna)	1		1	2
Campionato España Arco Voo (Madrid)		1		1
Copa España Raposo (Pontevedra)	1	1	1	3
Copa España Rastro Coello (Coruña)	1		1	2
Copa España S. Huberto (Coruña)	1			1
Copa España Compak Sporting (Toledo)			1	1
	8	4	7	19

Táboa 28: Palmarés da Selección Galega (tempada 2018)

Deportista	Especialidade	Competición oficial	Lugar	Data	Categoría
Jaime Aneiros Andao (Soc. Cedeira, A Coruña) con "Baco da Brisa"	San Huberto	Campión homes na Copa España	As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)	15 e 16 de setembro de 2018	Homes
Artemio Formoso Barro (Soc. Terra Chá, Lugo)	Compak Sporting	Campión en tiro adaptado no Campionato de España	Calahorra (A Rioxa)	15, 16 e 17 de xuño de 2018	Tiro adaptado
Artemio Formoso Barro (Soc. Terra Chá, Lugo)	Percorridos de caza	Campión en tiro adaptado no Campionato de España	Ciñuñeira (Valladolid)	27, 28 e 29 de xullo de 2018	Tiro adaptado
Ismael Figueras Vilaboa (Soc. Cazarco, Pontevedra)	Percorridos de caza con arco	Campión cadete do Campionato de España	San Agustín de Guadix (Madrid)	3 de novembro de 2018	Cadete
Cuadrilla "A Lanzada" (Soc. A Lazanda, Pontevedra)	Raposo	Equipo campión da Copa España	Forcarei, (Pontevedra)	3 de febreiro de 2018	Equipo
Iván Aragunde Coira (Soc. San Huberto, A Coruña)	Cans de rastro sobre coello	Lote campión da Copa España	Meide (A Coruña)	22 de abril de 2018	Xeral
Ignacio Orge García (Soc. Galega de Cetraría, Pontevedra)	Cetraría	Campión baixo voo Azor do Campionato de España	Osuna (Sevilla)	5, 6, 7 e 8 de decembro de 2018	Baixo voo Azor
"Fly" de Gustavo Deus Suárez (C. A. Tercans, Pontevedra)	Agility	Campión grao II 60 do Campionato de España	Los Palacios (Sevilla)	12, 13 e 14 de outubro de 2018	Grao II 60

Deportista	Especialidade	Competición oficial	Lugar	Data	Categoría	
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Río Sar, A Coruña)		Parcorridos de caza	Subcampión master do Campionato de España	Cigüeñela (Valladolid)	27, 28 e 29 de xullo de 2018	Master
Dolores Bugariñ Codesado (Soc. Cazarco, Pontevedra)		Parcorridos de caza con arco	Subcampión arco asistido dona do Campionato de España	San Agustín de Guadix (Madrid)	3 de novembro de 2018	Arco asistido dona
Jaime Vilaverde Balado e Pedro Martínez Ángel (Soc. Cazarco, Pontevedra) con "SV"		Arco ao voo	Equipo subcampión do Campionato de España	San Agustín de Guadix (Madrid)	4 de novembro de 2018	Equipo
Cuadrilla "Ponteobra" (Soc. Cotobade, Pontevedra)		Raposo	Equipo subcampión da Copa España de Caza	Forcarei, (Pontevedra)	3 de febreiro de 2018	Equipo

Deportista		Especialidade	Competición oficial	Lugar	Data	Categoría
José María González Rodríguez (Soc. Riotorto, Lugo)		Compak Sporting	Terceiro clasificado veterano nivel C da Copa España Grand Prix Fitasc	Méntrida (Toledo)	10 e 11 de marzo de 2018	Veteranos nivel C
Ángel Mosquera Rodríguez (Soc. Río Sar, A Coruña)		Compak Sporting	Terceiro clasificado master nivel C do Campionato de España	Calahorra (A Ríoxa)	15, 16 e 17 de xullo de 2018	Master nivel C
Cuadrilla "Dúas Igrexas" (Soc. Forcarei, Pontevedra)		Raposo	Terceiro equipo clasificado da Copa España	Forcarei, (Pontevedra)	3 de febreiro de 2018	Equipo
Diego Varela Fernández (Soc. Coto do Barro, Pontevedra)		Cons de rastro sobre coello	Terceiro lote clasificado da Copa España	Melide (A Coruña)	22 de abril de 2018	Xeral
Ramón Ferreiro Vázquez (Soc. Galega de Cetrería, Pontevedra)		Cetraría	Terceiro clasificado baixo voo Harris do Campionato de España	Osuna (Sevilla)	5, 6, 7 e 8 decembro de 2018	Baixo voo Harris
"Ela" de Rocio Hermelo Martínez (C. A. Tercans, Pontevedra)		Agility	Terceira clasificada grao II 30 do Campionato de España	Los Palacios (Sevilla)	12, 13 e 14 de outubro de 2018	Grao II 30
"Indi" de Carlos Souto Tobío (C. A. Mats, Pontevedra)		Agility	Terceiro clasificado grao II 50 do Campionato de España	Los Palacios (Sevilla)	12, 13 e 14 de outubro de 2018	Grao II 50

1.4. Área técnica.

A área técnica da FGC intégrana 21 monitores de arco, 19 adestradores de tiro, e 547 xuíces e árbitros, que son os responsables de velar polo cumprimento dos regulamentos e normativa de competicións durante o desenvolvemento das diferentes probas deportivas oficiais (*táboa 29*).

Especialidade Deportiva	Xuíces e Árbitros		Adestradores		Monitores		TOTAL		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Xuíces e Árbitros	Adestradores	Monitores
Tiro (percorridos e compak)	118		19				118	19	
Rastro (xabaril e coello)	186	6					192		
Paxariles	5						5		
Arco	29	1			19	2	30		21
Cetraría	22	2					24		
Agility	15	4					19		
Field Target	11						11		
Cans (parada e San Huberto)	140	8					148		
TOTAL	526	21	19	2	19		547	19	21

Táboa 29: Xuíces e técnicos da FGC (tempada 2018)

2. Formación de deportistas e reciclaxe de xuíces

O día 9 de xuño, na Fundación Semana Verde de Galicia, en Silleda (Pontevedra), a FGC organizaba un **Curso de Adestramento de Cans de Parada** dirixido a deportistas, e unhas **Xornadas sobre criterios de avaliación das probas de San Huberto con Spaniels**, dirixidos a xuíces.

Nesta formación, impartida polo Adestrador de Cans da Real Federación Española de Caza, Amadeu Rodríguez, e coordinado por José María Álvarez Villar, **participaban 52 e 20 alumnos respectivamente**.



FORMACIÓN DE CAZADORES E DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES

En colaboración coa Consellería de MAVT leváronse a cabo durante esta tempada **Cursos de Formación de Seguridade na Caza, Primeiros Auxilios, e Cursos de Formación de Responsables de Sociedades**; así como unhas **Xornadas sobre Xestión do Monte, Sostibilidade, e Actividade Cinexética** en colaboración co Concello de As Pontes (A Coruña), que a continuación se resumen.

1. Prevención da sinistralidade e seguridade na práctica cinexética:

Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.

Se a formación é importante en todos os aspectos da vida, cando se trata de previr a sinistralidade é esencial, máxime cando utilizamos armas de fogo que poden poñer en perigo a vida dos nosos compañeiros de cazaría pero tamén a nosa. Por iso, a pesar de que os datos –como se verá ao longo desta memoria- poñen de manifesto que a participación nos Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios foi aceptable, para a FGC isto non é suficiente, pois de pouco serve que nos formemos uns cuantos se os compañeiros cos que compartimos as nosas xornadas de caza actúan con imprudencia por falta de coñecementos.

A educación en materia de prevención e seguridade, pero tamén saber como auxiliar a un ferido, debería ser primordial, e neste sentido o Responsable de Cazaría xoga un papel determinante (non esquezamos que os accidentes máis graves prodúcense durante as accións de caza colectiva de caza maior), por iso debemos empezar a pensar que coa recomendación de facer os cursos non basta, as responsabilidades ás que pode verse abocado o Responsable de Cazaría ben merecen unha reflexión sobre a necesidade da súa formación continua tanto en Seguridade como en Organización de Cazarías para evitar accidentes.

Impartíronse senllos cursos sobre **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios** nas catro provincias galegas, nos que **participaron 240 cazadores**, aos que se lle entregaba ademais de diverso **material de seguridade, un certificado de asistencia**.

Durante o desenvolvemento dos cursos de **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**, para tratar de mellorar as actividades formativas e coñecer a opinión e suxerencias dos alumnos, **a FGC pasou unha enquisa a todos os asistentes, solicitándolle que responderan obxectivamente a un coa formación impartida**. As enquisas eran anónimas pero aínda así para facilitar a independencia na resposta instalábase unha urna na que os participantes dos diferentes cursos ían depositando o cuestionario.



Dos 240 alumnos asistentes aos cursos participaban na enquisa de avaliación 184, ou o que é o mesmo **o 77% dos asistentes manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida.**

Á pregunta **“¿os relatores resolveron as súas dúbidas?”**, máis do **83% dos asistentes responderon que llas resolveran totalmente**, mentres que un 16% manifestou que llas resolveran nalgúns casos, e 1 alumno sinala que case nunca as resolveu.

Preguntados sobre **“¿Como encontrou o contido desta actividade?”**, máis do **70% dos enquisados contestaron que moi útil**, e un 30% manifestou que aconsellable.

E á pregunta **“¿acadou os obxectivos esperados?”** o **88% dos asistentes responderon que si**, un 12% din ter acadados os obxectivos de xeito parcial, a 1 alumno indica non ter acadado os obxectivos que agardaba.

Os relatorios cos que os alumnos amosaron maior satisfacción foron, por esta orde, as **Normas de Seguridade**, os **Primeiros Auxilios**, e a **Lexislación**.

1.1 Calendario, asistentes, relatores e coordinadores

Data celebración	Denominación Curso	Lugar	Localidade (Provincia)	Nº Asistentes	Coordinador	Relatores
13/10/2018	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense	Centro Socialde Ábedes	Verín (Ourense)	49	José Castro Rivela	Aquilino Valencia Salgado, Dario Andrade Expósito, M ^a Teresa González Justo, Uxia Álvarez Cerdeira e Lucía Rodríguez Míguez
19/10/2018	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Pontevedra	Auditorio de Cerdedo	Cerdedo (Pontevedra)	23	Francisco Couselo Castiñeira	José L. Villamil Hermida, Álvaro Lago Lusquiños, M ^a Teresa González Justo, Luis E. Fidalgo Álvarez, e Dario Andrade Expósito
26/10/2018	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios A Coruña	Vivenda Comunitaria	Santa Comba (A Coruña)	68	Manuel Penabad Corral	José M. Matos Sobrino, José A. Montoiro González, e Dario Andrade Expósito
31/10/2018	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Lugo	Hotel Méndez Núñez	Lugo	100	Francisco López Penela	Jaime Lage Pérez, Manuel Nodar Real, M ^a Teresa González Justo, Javier Sande López e Silvia Díaz Fernández
				240		



Actuaban de formadores 14 relatores con amplos coñecementos nas diferentes materias impartidas (avogados, técnicos, expertos en armas, axentes da Garda Civil, de Medio Ambiente, veterinarios, médicos, enfermeiros, biólogos, etc.).

Relator	Cargo	Relatorio	Relator	Cargo	Relatorio
Álvarez Cerdeira, Uxía	Diplomada en enfermaría	Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza , un accidente do can, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns	Matos Sobrino, José M.	Biólogo. Xestor cinxético	Lexislación cinxética (Transporte de cans, Lei de benestar animal, POC, PAAC,, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores e outras comunicacións)
Andrade Expósito, Darío	Técnico de Caza da CMATV	As comunicacións coa Consellería CMATV	Monteiro González, José A.	Diplomado enfermaría. Licenciado en veterinaria	Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza , un accidente do can, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns
Díaz Fernández, Silvia	Médico do Sergas	Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns	Nodar Real, Manuel	Técnico do Servizo de Conservación da Natureza Lugo	As comunicacións coa Consellería CMATV
Fidalgo Álvarez, Luis E.	Doutor en Veterinaria da USC	Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente do can	Rodríguez Míguez, Lucía	Diplomada en enfermaría	Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza , un accidente do can, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns
González Justo, M ^a Teresa	Avogado, Asesora Xurídica FGC	Lexislación e xurisprudencia relacionada coa organización e seguridade nas cazarías	Sande López, Javier	Veterinario	Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente do can
Lage Pérez, Jaime	Axente do Seprona	Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes	Valencia Salgado, Aquilino	Axente medioambiental	Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes
Lago Lusquiños, Álvaro	Tenente Xefe Sección Seprona Pontevedra	Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes	Villamil Hermida, José L.	Suboficial interventor armas Cmd ^a Pont	Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes

A coordinación dos diferentes **Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**, corría a cargo de Directivos da FGC, apoiados por persoal auxiliar, maioritariamente formado por persoal de plantilla da propia FGC.

COORDINADORES	Curso	Cargo
Penabad Corral, Manuel	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Coruña	Vicepresidente FGC Coruña
López Penela, Francisco	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Lugo	Presidente Provincial FGC Lugo
Castro Rivela, José	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense	Tesoureiro FGC Ourense
Couselo Castiñeira, Francisco	Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense	Presidente Provincial FGC Pontevedra

2. Cursos de Formación de Responsables de Sociedades de Caza.

A FGC poñía en marcha o tan ansiado proxecto da **Escola de Caza Online**.

A Aula Virtual da Escola de Caza pretende servir de campus formativo, para que nin a falta de tempo nin a distancia sexan un obstáculo para aqueles cazadores e responsables de sociedades que queiran formarse, sen horarios, nin desprazamentos, desde calquera recuncho de Galicia con acceso a internet.

No mes de outubro, tras varias semanas de intenso traballo, arrancaba o primeiro curso virtual baixo o título **"Xestión interna e administrativa dunha sociedade de caza"**, dirixido principalmente aos xestores e responsables das sociedades de caza, pero tamén a aquelas outras persoas interesadas en formarse neste campo.

O curso online era unha novidade, pero tamén unha incertidume para a federación, ao tratarse do primeiro curso virtual pero tamén do colectivo ao que ía dirixido, conformado maioritariamente por persoas maiores de 50 anos.

Sen embargo a acollida foi absolutamente extraordinaria por parte dos cazadores, maioritariamente responsables das sociedades. En apenas 3 días de matrícula **inscribíronse 124 alumnos**.

O 56% dos alumnos matriculados procedían da provincia de A Coruña, un 29% de Lugo, un 8% de Ourense, e un 6% de Pontevedra. Deles o 91% corresponde a persoas federadas e menos dun 9% a non federados, que tamén accederon á formación de xeito totalmente gratuíto.

Ao final do curso, co obxecto de tratar de mellorar este novo sistema formativo pero tamén para coñecer o grao de satisfacción dos alumnos que participaron na primeira edición virtual, pasouse unha enquisa anónima aos alumnos. Nela participaron 36 alumnos dos 124 matriculados, é dicir máis do 29%, pero se



temos en conta que os alumnos que se presentaron ás probas de avaliación foron 91 dos 124 matriculados, a porcentaxe dos que manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida virtualmente foi do 40%.

Á pregunta **¿Resolveu as súas dúbidas?, o 39% dos enquisados responderon que llas resolveran totalmente**, mentres que un 58% manifestou que llas resolveran nalgúns casos, e 1 alumno sinala que case nunca as resolveu.

Preguntados sobre **¿Como atopou o contido do curso?, máis do 58% considerárono moi útil**, e un 42% manifestou que aconsellable.

E á pregunta **¿Acadou os obxectivos que agardaba?, máis do 72% responderon que si**, un 25% din ter acadados os obxectivos de xeito parcial, a 1 alumno indica non ter acadado os obxectivos que agardaba.

Os temas cos que os alumnos amosaron maior satisfacción foron, por esta orde, os bloques de O Réxime Documental, O Réxime Económico, Financeiro, Patrimonial e Fiscal, As Comunicación Internas e Externas da Asociación, e a Lexislación.

2.1. Relatores

Os relatorios foron elaborados por 4 ponentes expertos na diferente materia didáctica.

Relatores	Cargo
Nogueira Diz, Javier	Presidente FGC, Conselleiro de Mutuasport.
González Justo, María Teresa	Avogado, Asesora Xurídica da FGC
Andrade Expósito, Dario	Técnico de Caza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Rey Cotelo, María Luz	Xefa de Admón. da FGC

3. Xornada sobre xestión do monte, sostibilidade, e actividade cinexética.

A finais do mes de novembro, desenvolvíase na Casa de Cultura de As Pontes de GR, a primeira **Xornada Formativa sobre xestión do Monte, Sostibilidade, e Actividade Cinexética**, organizada pola Escola de Caza da Federación Galega de Caza en colaboración co Concello de As Pontes de García Rodríguez.

Á xornada de portas abertas, dirixida ao público en xeral pero en especial aos cazadores, representantes de sociedades e outros usuarios e colectivo que usan o monte, **asistiron 78 persoas**, maioritariamente da provincia de A Coruña.



3.1. Conferencias e relatores

Durante a xornada formativa sobre a xestión do monte, a súa sostibilidade, e a actividade cinexética como elementos dinamizadores do medio rural, impartíronse as seguintes conferencias, a cargo de expertos e profesionais nos diferentes campos:

- **"A Caza en relación con outros usos e aproveitamento do monte. A súa implicación como elemento dinamizador no medio rural"**, a cargo de Darío Andrade Expósito (Cazador e Técnico da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).

Durante o relatorio púxose de manifesto a realidade da caza como un aproveitamento máis do monte, unha actividade que constitúe un dos apoios necesarios nos que sustentar o desenvolvemento do rural, xeradora de riqueza, e que contribúe á protección da natureza e á súa conservación.

- **"A Caza, o home, e a natureza"**, a cargo de Carlos Gonzalo Muñoz Martínez (Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro de Montes. Ex-xefe do Servizo de Caza e Pesca Fluvial do Servizo de Conservación da Natureza de A Coruña).

Nesta conferencia fíxose un percorrido pola actividade cinexética desde os seus inicios como primeira actividade e sustento do ser humano, pasando pola revolución agraria, ata chegar á actualidade como deporte e medio de xestión dos recursos naturais.



- **"O Negativo da Caza"**, a cargo de Carlos Alberto Sánchez Pontón, de Multimedia Galinova (xornalista).

O relatorio poñía enriba da mesa a importancia da comunicación como unha poderosa ferramenta que o colectivo cinexético debe aprender a utilizar correctamente, para evitar os estereotipos aos que tradicionalmente sen ten que enfrontar. Durante a charla amosáronse técnicas para coidar, e mesmo mellorar, a imaxe que se ofrece do colectivo, co obxectivo de deixar de estar no punto de mira.



- **"A FGC como vertebradora da caza en Galicia"**, a cargo de Javier Nogueira Diz (Cazador, presidente da FGC, e conselleiro Delegado de Mutuasport).

Ao longo desta ponencia púxose de manifesto a vertebración da caza en Galicia a través das sociedades de caza, na súa inmensa maioría ligadas á estrutura federativa, completamente integradas na sociedade galega e presentes no 100% dos municipios de Galicia, abarcando máis do 94% do territorio galego aproveitado cinexéticamente.



A coordinación e presentación da Xornada, corría a cargo do Presidente Provincial da Federación Galega de Caza na Coruña, José María Álvarez Villar

A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA

Os cazadores e as sociedades de caza federadas dispoñen dunha asesoría xurídica gratuíta a cargo dunha experta avogada en lexislación e normativa cinexética e deportiva.

1. Tipo de Asesoramento.

O asesoramento xurídico abarca todo tipo de consultas e informes sobre aspectos legais no eido administrativo, cinexético, e deportivo: contestación a consultas formuladas polos federados, alegacións a denuncias de caza, contestación a consultas de sociedades, revisión de estatutos e regulamentos internos, conflitos entre socios e sociedades, asesoramento nos procesos electorais, etc. etc..

De cada 10 trámites realizados polos servizos xurídicos máis de 5 corresponden a asesoramento e consultas formuladas por sociedades e federados, incluídos os expedientes disciplinarios, e as achegas a denuncias de caza formuladas contra ambos.

Os informes técnicos realizados polo gabinete xurídico a petición da Federación (informes sobre proceso electoral, convenios, conflito campionatos de raposo, transporte de cans, etc), xunto con expedientes disciplinarios a federados, e informes a requirimento do CGXD, tamén ocuparon boa parte do labor da asesoría, que pechaba este ano cun volume de 559 trámites, ou o que é o mesmo unha media de 11 informes semanais (gráfico 17).

2. Evolución das xestións xurídicas.

Durante o período 2013-2018 a asesoría xurídica emitiu unha media de 700 informes anuais. Deles máis do 60% correspondían a informes externos e alegacións a denuncias realizadas a petición das sociedades e dos federados (táboa 30).




Gráfico 17: Trámites asesoría xurídica (ano 2018)

Tipo de informe	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Media informes 2013-2018
Informes xurídicos a Sdades: estatutos, consultas, eleccións, mediación, etc	130	160	195	215	163	188	175,17
Informes xurídicos a cazadores: consultas, mediación, etc.	85	100	123	130	136	50	104,00
Achegas a Exptes denuncias de caza	74	95	94	157	146	143	118,17
Informes Exptes Disciplinarios Sdades	11	36	27	39	24	6	23,83
Outros informes	231	323	243	161	272	179	234,83
Tribunais, CGXD, outros	28	23	81	99	0	0	38,50
TOTAL	559	737	763	801	741	566	694,50

Táboa 30: Evolución dos trámites xurídicos (período 2013-2018)

AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA COMO FERRAMENTA DE SEGURIDADE NA CAZA

O uso de aparellos de radiofrecuencia (emisoras) durante a práctica da caza é unha ferramenta de seguridade para os cazadores, que reduce notablemente o **risco de accidentes**. De feito nos últimos anos vense constatando que o uso deste tipo de dispositivos na actividade cinexética, ademais de ofrecer unha maior coordinación e comunicación entre os participantes de cacerías colectivas, tamén minora o número de incidentes e accidentes.

1. As emisoras de radiofrecuencia e o seu ámbito.

Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a FGC conta coa autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico para a actividade cinexética nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o pasado 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza que é a titular da mesma, co que na actualidade a rede da FGC dispón de 25 frecuencias autorizadas para o uso dos federados.

6 de cada 10 cazadores federados empregaron durante o ano 2018, emisoras coas frecuencias da federación.

Deles o **57% (6.086)** elixiron licenza de uso provincial fronte ao **43% (4.652)** que escolleron a licenza autonómica para poder empregar as emisora en todas as provincias (**gráfico 18, táboa 31**).



Gráfico 18: Tipo de emisoras por provincia (ano 2018)

	Emisoras Provinciais	Emisoras Autonómicas	Total Emisoras	Nº Federados	% Emisoras s/federados	% Autonómicas s/emisoras provincia	% Provincial s/emisoras provincia
Coruña	817	2153	2970	6.845	43,39	72,49	27,51
Lugo	4837	419	5256	5.426	96,87	7,97	92,03
Ourense	229	894	1123	1.856	60,51	79,61	20,39
Pontevedra	203	1186	1389	5.337	26,03	85,39	14,61
Total	6086	4652	10738	19464	55,17	43,32	56,68

Táboa 31: Tipo de Emisoras por provincia e porcentaxe (ano 2018)

2. Evolución das licenzas de uso de emisoras.

Desde a posta en marcha da licenza de emisora de uso autonómico no ano 2014 ata a actualidade, os federados foron transformando maioritariamente as súas licenzas provincias en autonómicas, agás nas provincia de Lugo onde son maioritariamente de uso provincial (**táboa 32**).

	Ano 2018		Ano 2017		Ano 2016		Ano 2015		Ano 2014	
	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais
Coruña	2153	817	2061	832	1992	891	1808	925	1471	1054
Lugo	419	4837	413	4871	358	4173	299	4411	359	4942
Ourense	894	229	906	232	1132	23	1143	38	889	315
Pontevedra	1186	203	1153	241	1011	241	909	300	643	319
TOTAL	4652	6086	4533	6176	4493	5328	4159	5674	3362	6630

Táboa 32: Evolución das licenzas de uso de emisoras (período 2014-2018)

O CLUB DE DESCONTOS

O *Club de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados* ten por obxecto **facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética ou actividades relacionadas con ela**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade, a tódalas empresas e establecementos vencellados á caza, de agruparse a través del para ofrecer os seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda, ao tempo que **pon en valor as prestacións da licenza federativa autonómica**.

Durante este ano producíronse 6 novas altas, e causaron baixa 6 establecementos; **rematando o ano con 80 establecementos asociados**. Deles, 42 ubícanse na provincia de A Coruña, 8 na Lugo, 7 na Ourense, e 19 na de Pontevedra, pero tamén hai 1 de ámbito autonómico, e 3 de fora da CCAA.

1. Tipo de establecementos adheridos.

Ao analizar os establecementos pola actividade que desenvolven, obsérvase que **máis da metade deles, un 57%, son centros psicotécnicos e clínicas médicas**, situándose a continuación as clínicas veterinarias e perruquerías caninas (11%), pero tamén hai armerías, tendas de deportes, e tendas especializadas en aparatos de radiofrecuencia; clínicas de fisioterapia, establecementos de alimentación canina, servizos de caza e ambientais, hoteis, restaurantes, gasoleiras, e xestorías, entroutros (**táboa 33, gráfico 19**).

Cada mes, na *Revista Galicia Cinexética* actualízanse os establecementos adheridos, e na páxina web da FGC póñense ao día permanentemente tanto os establecementos como as tarifas de desconto especial que estes aplican aos federados nos diferentes produtos, artigos e servizos que ofrecen.

TIPO DE ESTABLECEMENTO	TOTAL		
Psicotécnicos, clínicas médias e dentais	46		
Coidados cans (veterinarios, perruquerías)	9		
Clínicas fisioterapia	4	Coruña	42
Armerías, deportes e tendas especializadas	7	Lugo	8
Caza e actividade ambiental	2	Ourense	7
Alimentación canina	2	Pontevedra	19
Hoteis, restaurantes, gasoleiras	6	Galicia	1
Outros (asesorías, informática, trofeos)	4	Outras provincias fóra CCAA	3
	80		80

Táboa 33: Tipo de Establecementos e provincia (ano 2018)




Gráfico 19: Porcentaxe por tipo de establecimiento (ano 2018)

2. Evolución do Club de Descontos.

O Club de Descontos pasou **dos 32 establecementos adheridos no ano 2012 aos 80 actuais (táboa 34).**

	Ano 2018	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014	Ano 2013	Ano 2012
Psicotécnicos, clínicas médias e dentais	46	45	42	41	36	25	19
Coidados cans (veterinarios, perruquerías)	9	9	11	11	11	8	5
Clínicas fisioterapia	4	5	4	4	4	1	1
Armerías, deportes e tendas especializadas	7	7	8	8	8	8	3
Caza e actividade ambiental	2	3	2	2	2	3	1
Alimentación canina	2	2	2	2	3	2	1
Hoteis, restaurantes, gasoleiras	6	6	5	3	1		
Outros (asesorías, informática, trofeos)	4	3	5	4	5	3	2
	80	80	79	75	70	50	32

Táboa 34: Evolución dos establecementos adheridos (período 2012-2018)

A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS

Un dos aspectos máis importantes para a FGC é a comunicación e transparencia, no seu afán de trasladar ao colectivo de cazadores en xeral, e principalmente aos federados, toda a información que xera a actividade e particularmente aquelas noticias que pola súa dimensión e importancia poidan afectar directamente aos cazadores ou ás sociedades de caza.

En plena era das redes sociais, co correo postal practicamente en desuso, a FGC elixe cada vez máis as novas tecnoloxías para comunicarse puntualmente cos seus afiliados, para elo conta coa páxina web www.federaciongalegadecaza.com e coa súa revista *Galicia Cinexética*, pero tamén coas redes sociais facebook e twitter, co correo electrónico, cos SMS, e con un número de teléfono específico para wassap incorporado nos últimos anos a todas as sedes federativas.

O responsable de comunicación da FGC, co obxecto de seguir mellorando a calidade na comunicación federativa, asiste periodicamente a xuntanzas de comunicación impulsadas pola RFEC e Mutuasport, nas que comparte coñecementos e iniciativas cos encargados da comunicación doutras federacións autonómicas de caza.



A escasa repercusión do deporte cinexético nos medios de comunicación xeralistas autonómicos, máis aló de noticias puntuais, fai que o programa ***Caza e Natureza***, dirixido por Francisco Couselo, que se emite en ***Radio Nova***, e se comparte puntualmente no facebook da federación, sexa o programa especializado **que escollen unha boa parte dos cazadores galegos para informarse tamén da actualidade cinexética.**



1. Páxina web:

1.1. Leve recuperación das visitas no 2018

Con **75.717 visitas absolutas no ano 2018**, a afluencia de visitantes remontou respecto a 2017, **subindo un 3,4%**. Un dato positivo que revirte a tendencia dos últimos anos. Non obstante, e como viñamos explicando nos últimos anos, esta tendencia é normal debido a que as redes sociais actúan como filtro das publicacións da web, e os posibles visitantes seleccionan só aquelas noticias que lles resultan interesantes, se necesidade de acceder á páxina web (*gráfico 20*).




Gráfico 20: Evolución visitas web 2008-2018

1.2. As seccións de competicións e as novas sobre normativas para cans foron as máis visitadas

Continuando coa tendencia do 2017, os apartados de competicións foron os máis visitados da páxina web da FGC en 2018, con máis de 15.000 visitas, o que supón un 6,68% do total.

A sección de “*Taboleiro*” mantén a segunda posición, mais cabe destacar a aparición dunha publicación concreta como a terceira máis visitada do ano. Foi a de “**Rexistro de canceiras coa nova Lei de Protección Animal**”, que acadou máis de 4.000 visitas. Tamén é destacable a audiencia obtida pola publicación de “**O MAPAMA confirma: non é necesario o rexistro dos remolques de cans de caza**”, que obtivo case 3.800 visitas. Loxicamente a tenza de cans e o transporte dos mesmos son **dous temas de vital importancia** e preocupación para os cazadores, de aí que obtiveran unha grande atención.



1.3. Os móbiles, cada vez máis protagonistas



Tal e como ven sucedendo nos últimos anos, cun punto de inflexión no 2016, os dispositivos móbiles (teléfonos e tabletas) son os principais medios de acceso á web. No 2018 estes sistemas xa supoñen o 65,4% das visitas, sendo a porcentaxe restante accesos dende un ordenador **(gráfico 21)**.




Gráfico 21: Tipos de acceso á web

1.4. Seguidores nas redes sociais

En Facebook, a rede social que principalmente domina a comunicación da Federación, partíamos a 1 de xaneiro de 2018 con 2804, polo que rematamos este ano con máis de 1000 seguidores máis, unha importante crecida do 36,94%, o que nos sitúa como **a terceira federación autonómica de caza con máis seguidores a nivel nacional**, superados por Estremadura e Andalucía.



3840



998

(a 31 de decembro 2018)

O 15A, publicación estrela

Como cabería esperar, a publicación estrela nas nosas redes sociais estivo relacionada coa concentración do 15A, cun vídeo que acadou máis de 45000 reproducións e case 1000 reaccións, supoñendo o récord absoluto de todas cantas publicacións se fixeron nas nosas redes.

2. Revista *Galicia Cinxética*

No 2018, a revista ***Galicia Cinxética***, editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 108 ao 119.

O vindeiro ano, *Galicia Cinxética* celebrará o seu X aniversario, feito que compre sinalar porque esta publicación posiciónase como unha das únicas publicacións autonómicas de carácter cinxético que perdura no tempo.

Durante este período, *Galicia Cinxética* mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego. Facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinxético na Comunidade Autónoma así como de toda a axenda de traballo e competicións levadas a cabo pola Federación Galega de Caza.

Galicia Cinxética seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa páxina web galiciacinxetica.com e estando con máis presenza e actividade nas redes sociais co seu perfil en Facebook.

As páxinas de ***Galicia Cinxética***, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza.

